

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 14.09.2023

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de setembro de 2023, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 55273 (11/PNC-004741)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia orientadas á mellora da área de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 527, do 19.07.2023
- 1.2 55346 (11/PNC-004745)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que atinxe á estrutura e condicións do equipo da unidade de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 527, do 19.07.2023
- 1.3 57725 (11/PNC-004823)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que desautorice o cambio de localización da farmacia de Marrozos, en Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 30.08.2023
- 1.4 58176 (11/PNC-004862)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado co obxecto de que impulse a aprobación dunha lei orgánica contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 30.08.2023
- 1.5 58245 (11/PNC-004872)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para
reforzar a atención sanitaria prestada nos centros de saúde do concello de
Marín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 07.09.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

María Corina Porro Martínez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
María Corina Porro Martínez	P
Vicepresidenta	
Noelia Pérez López	P
Secretaria	
Iria Carreira Pazos	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Rosalía López Sánchez	P
Marina Ortega Otero	S
José Alberto Pazos Couñago	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 55273(11/PNC-004741)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia orientadas á mellora da área de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 527, 19.07.2023



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2023 11:29:17
Nº Rexistro: 55273
Data envío: 10/07/2023 11:29:17.438

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela funciona o servizo de oncoloxía pediátrica que atende, nos diferentes niveis e estadios da enfermidade, a varias decenas de menores que son diagnosticados de cancro. Este servizo, dependente do servizo xeral de pediatría, ten un funcionamento certamente autónomo debido ao específico das doenzas e os pacientes sobre os que traballa.

Non en tanto nos últimos tempos vence producindo unha tendencia que vai facendo a esta área perder capacidade de funcionamento, cando o diagnóstico de patoloxías de oncoloxía pediátrica ven aumentando nos últimos anos. Así os facultativos que atenden esta unidade son 2, cando apenas poucos anos atrás eran 5, o que reduce a súa capacidade de acción e tamén provoca problemas de saturación, dificultade para organizar o propio funcionamento da atención (vacacións, días libres, etc). O persoal non facultativo sofre dos mesmos problemas e todo recae sobre a vontade e vocación dos profesionais que, sendo exemplares, non poden ofrecer máis do que xa entregan a súa labor.

Alguns problemas de funcionamento e organización do servizo teñen que ver tamén coa dificultade para ter posibilidades de formación específica por parte do persoal, que desenvolve esta labor por iniciativa propia, a custe propio e auto-organizándose para manterse en constante actualización o que, ao fin,

CSM-REXISTRO-N6ppc66FZb-0
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2023 11:29:17
Nº Registro: 55273
Data envío: 10/07/2023 11:29:17.438

repercute nunha maior e mellor asistencia sanitaria a pacientes e familias. Outras labores como a perda de capacidade investigadora, que agora é imposible por parte do persoal do propio servizo pola dedicación absoluta ás labores asistenciais debido á falta de maior volume de persoal. Algunhas iniciativas que se desenvolven en Galicia veñen favorecidas por iniciativas persoais, como a de familiares de pacientes que realizan actividades solidarias que permitan obter fondos.

A situación do conxunto de oncoloxía pediátrica neste centro podería optimizarse no caso de poder mellorar en autonomía e entidade dentro da estrutura organizativa do centro. Ao igual que ocorre noutros sistemas sanitarios doutras comunidades autónomas, este caso tamén tivo a figura dun xefe de sección / servizo, que permitía ter un maior acceso e posibilidades de capacidade de decisión propia e de xestión de maiores recursos, tanto materiais como humanos. A xubilación do profesional que exercía ese rol foi aproveitada para eliminalo da estrutura, tendo dende entón menor peso organizativo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a recoñecer a labor que están a facer os profesionais de oncoloxía pediátrica do CHUS, dotar dunha estrutura organizativa que permita ter maior autonomía e capacidade de acción dentro do propio centro no plano funcional e de recursos, así como facilitar o incremento progresivo de dotación material e persoal que contribúa a unha consolidación e mellora das potencialidades neste área asistencial.

Santiago de Compostela, 10 de xullo do 2023



CSX4 REGISTRO-N6ppG6FZb-0

Verificado

<https://seccda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2023 11:29:17
Nº Registro: 55273
Data envío: 10/07/2023 11:29:17.438

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/07/2023 11:24:46

Noa Susana Díaz Varela na data 10/07/2023 11:24:56

Marina Ortega Otero na data 10/07/2023 11:25:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/07/2023 11:25:19



CSX: REXISTRO-N6ppG6FZb-0

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 55346(11/PNC-004745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que atinxe á estrutura e condicións do equipo da unidade de oncoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

Publicación da iniciativa, 527, 19.07.2023



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2023 11:53:14
Nº Rexistro: 55346
Data envío: 11/07/2023 11:53:14.855

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación da unidade de oncoloxía pediátrica do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da unidade de oncoloxía pediátrica do Complexo Universitario de Santiago de Compostela xa ten sido albo de numerosas críticas e reclamacións por parte de familias e persoal desde hai anos. Graves déficits materiais que conducían a cuartos con mobiliario en mal estado, carencias na infraestrutura ou incluso na instalación eléctrica, ou o escaso número de habitacións de illamento motivaron as queixas noutras ocasións.

Actualmente súmanselle a estas eivas – moitas das cales seguen sen solución, como sucede co reducido número de habitacións de illamento – un problema no persoal da unidade. Desde novembro de 2022, momento no que tiveron as primeiras entrevistas coa Consellería de Sanidade, as familias das crianzas ingresadas no servizo de oncoloxía pediátrica están a denunciar o déficit de persoal facultativo e de enfermería. A día de hoxe só están traballando dúas oncolóxicas das 5-6 que viñan sendo habituais, o que se engade á falta de estabilidade da enfermería após a xubilación de varias das enfermeiras da unidade. Persoal que ademais está a sufrir unha gran precariedade laboral, pois moitas delas acumulan dúcias de contratos temporais. Esta falta de persoal e a súa rotación está a ter importantes consecuencias, tanto sobre as que están

CSM - REXISTRO - AesSfzx12-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2023 11:53:14
Nº Rexistro: 55346
Data envío: 11/07/2023 11:53:14.855

actualmente en activo, cunha importante sobrecarga laboral e un estrés constante, como tamén sobre as crianzas e as súas familias, que están a vivir con gran preocupación a repercusión que poida ter no que se refire á perda de calidade asistencial.

Actualmente oncoloxía pediátrica non conta con ningunha xefatura de sección que poida actuar como ente coordinador nin tampouco con plans de formación específicos para o persoal. A pesar da especificidade e da gravidade da patoloxía que se atende na unidade, a formación do persoal depende unicamente da vontade persoal, o que se traduce nunha grande inequidade e nun empeoramento das súas condicións, pois ten que realizarse fóra do horario laboral.

Esta situación agrávase ao ter en conta que este servizo é de referencia para moitos casos graves, o que pon máis de relevo as eivas a pesar do gran esforzo das profesionais por manter constantemente unha atención de calidade para as crianzas ingresadas e as súas familias.

A persistencia de moitos dos déficits que xa levan varios anos sendo denunciados sen que se produza ningún movemento por parte do Sergas para solucionarlos podería interpretarse como falta de vontade para a resolución. Ademais, cómpre enmarcalos na grave crise que está a sufrir a pediatría a nivel galego, con falta de cobertura na Atención Primaria dunha boa parte dos concellos do noso País..

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

CSX4 REXISTRO-AezSfzX2-6
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2023 11:53:14
Nº Registro: 55346
Data envío: 11/07/2023 11:53:14.855

1º.- Iniciar de inmediato o procedemento para designar unha xefatura de sección de oncoloxía pediátrica, con autonomía e capacidade de xestión e coordinación.

2º.- Proceder á estabilización do equipo de oncoloxía pediátrica a través da contratación estable do persoal, tanto facultativo coma de enfermería ou outro que sexa preciso para manter a calidade asistencial e as condicións de traballo axeitadas.

3º.- Elaborar e presentar antes de que remate o presente período de sesións un plan de formación para o persoal da unidade, tanto facultativo coma non facultativo, de acordo ás súas propias necesidades. Para a elaboración deste plan teranse en conta as suxestións e recomendacións do persoal. ”

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/07/2023 09:55:21



CSV: REGISTRO-AezSfzX2-6

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2023 11:53:14
Nº Registro: 55346
Data envío: 11/07/2023 11:53:14.855

María Montserrat Prado Cores na data 11/07/2023 09:55:36

Olalla Rodil Fernández na data 11/07/2023 09:55:47

CSX4 REGISTRO-AezSfzX2-6
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 57725(11/PNC-004823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que desautorice o cambio de localización da farmacia de Marrozos, en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 552, 30.08.2023



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2023 11:40:22
Nº Rexistro: 57725
Data envío: 18/08/2023 11:40:22.597

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A farmacia emprazada en Marrozos (Santiago de Compostela) presta servizo dende 1957 á veciñanza desa parroquia e arredores pero tamén á do Eixo, de Aríns, de San Breixo de Sergude (Boqueixón) e de San Xián de Sales e San Fins de Sales (Vedra).

Hai unhas semanas coñeciase a existencia dunha solicitude presentada polo novo propietario desa farmacia ante o Colexio Oficial de Farmacéuticos para o traslado voluntario e definitivo ao Outeiro do Castiñeiriño, deixando así de atender as preto de 6.000 persoas que viven nos lugares anteriormente mencionados.

Este traslado obrigaría á cidadanía residente nese ámbito a desprazarse cada vez que necesiten retirar os seus medicamentos, o que ocasionaría un grave trastorno á poboación de máis idade, que son a gran maioría, e que non sempre dispoñen dun medio de transporte.

Cabe destacar que preto do novo emprazamento existen na actualidade cinco oficinas de farmacias, concentradas entre o Castiñeiriño e Cacheiras (Teo), mentres que entre o Castiñeiriño e Boqueixón pasarían a ser soamente tres.

A Lei 3/2019, de 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia, que determina as farmacias como servizo de interese público que deben ser de acceso rápido, eficaz e oportuno, sinala no artigo 41 que os cambios de emprazamento estarán suxeitos ás seguintes limitacións:

- a) Naquelas oficinas de farmacia para cuxa instalación e apertura se tivese fixado unha delimitación territorial concreta, haberá de respectarse o ámbito da mesma, salvo cando a Administración sanitaria constatase a desaparición das condicións que motivaron a súa instalación nesa delimitación.
- b) Non se autorizará o cambio de emprazamento cando, de ser autorizado, se produciase un detrimento grave do servizo farmacéutico na zona na que se sitúa a oficina de farmacia, en especial naqueles núcleos en que só exista a oficina de farmacia establecida, e se manteñan as condicións que motivaron a súa autorización inicial.

CSM-REXISTRO-BZBAeG0uZ-7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2023 11:40:22
Nº Rexistro: 57725
Data envío: 18/08/2023 11:40:22.597

Hai que lembrar que este cambio de emprazamento da farmacia de Marrozos foi levado ao Pleno municipal do Concello de Santiago polo grupo socialista acadando a unanimidade de todos os grupos.

Tendo en conta que a decisión última lle corresponde á Xunta de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 41 da Lei 3/2019, de 2 de xullo, a non autorizar o cambio de emprazamento da farmacia de Marrozos coa fin de non prexudicar gravemente o servizo farmacéutico nesa zona.

Pazo do Parlamento, 18 de agosto do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/08/2023 11:34:34

Julio Torrado Quintela na data 18/08/2023 11:34:46

Marina Ortega Otero na data 18/08/2023 11:34:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/08/2023 11:35:07



CSV: REXISTRO-B2BAC662-7

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 58176(11/PNC-004862)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que se dirixa ao
Goberno do Estado co obxecto de que impulse a aprobación
dunha lei orgánica contra a trata de seres humanos con fins
de explotación sexual

Publicación da iniciativa, 552, 30.08.2023



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 13:39:55
Nº Rexistro: 58176
Data envío: 24/08/2023 13:39:55.961



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través da súa Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Raquel Arias Rodríguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego

Exposición de Motivos:

A trata, a explotación sexual e a prostitución son produto dunha sociedade heteropatriarcal na que as mulleres e as nenas son as principais vítimas, ao situalas nunha posición de inferioridade e ao consideralas como obxecto de intercambio comercial. É a escravitude do século XXI, pero ademais é un dos delitos máis comúns e que move maior cantidade de diñeiro en todo o mundo cuns beneficios de máis de 3.000 millóns de euros ao ano, só despois do tráfico de drogas e de armas.

Para loitar contra este delito trasnacional, O Goberno da Xunta de Galicia ten posto en marcha innumerables medidas e con máis intensidade dende a aprobación do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, un documento estratéxico froito dun proceso de elaboración participativo que se deseñou en colaboración coas organizacións especializadas neste ámbito e que se agrupan na Rede Galega contra a Trata Sexual.

O Plan pon o foco no fortalecemento dos recursos de atención integral ás vítimas que se xestionarán en colaboración coas entidades especializadas, un eido ao que reserva a maior parte do orzamento. E érguese como a folla de ruta de toda a sociedade galega para loitar contra a trata de seres humanos, reforzando os mecanismos para a súa prevención e articulando unha intervención coordinada dos distintos axentes implicados.

Pero consideramos imprescindibles crear un marco legislativo estatal que permita previr e loitar contra esta forma de violencia de xénero.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei :

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSM-REXISTRO-XXI-HOPQYZ-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 13:39:55
Nº Registro: 58176
Data envío: 24/08/2023 13:39:55.961



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que dea cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que establece o impulso e aprobación dunha Lei Orgánica contra a Trata de seres humanos con fins de explotación sexual”.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 24/08/2023 13:36:43

María Corina Porro Martínez na data 24/08/2023 13:37:08

Noelia Pérez López na data 24/08/2023 13:37:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/08/2023 13:38:10

López Sánchez, Rosalía na data 24/08/2023 13:38:29

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 24/08/2023 13:38:43

José Alberto Pazos Couñago na data 24/08/2023 13:38:54

Raquel Arias Rodríguez na data 24/08/2023 13:39:09



CSV: REXISTRO-XK1HDPOYZ-6

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 58245(11/PNC-004872)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para reforzar a atención sanitaria prestada nos centros de saúde do concello de Marín

Publicación da iniciativa, 557, 07.09.2023



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2023 13:15:06
Nº Rexistro: 58245
Data envío: 25/08/2023 13:15:06.202

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Paulo Ríos Santomé** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación da asistencia sanitaria no Concello de Marín.

Os continuos recortes na sanidade pública por parte dos responsábeis da Xunta de Galiza están a facer estragos na Atención Primaria cun evidente deterioro en todas as Áreas Sanitarias. Un exemplo desta situación atopámola no Centro de Saúde de Marín que segue sen ter cubertas todas as necesidades de persoal e onde hai serias dificultades para conseguir unha cita. Ademais, é habitual a decisión de non cubrir a totalidade das baixas, permisos e vacacións, o que supón unha sobrecarga do persoal sanitario e administrativo e unha peor calidade asistencial para a veciñanza.

Nun momento, no que se debera reforzar a Atención Primaria para atender as doenzas que quedaron nun segundo plano coa pandemia e detectar aquelas que a pandemia xerou (especialmente na saúde mental) é incomprendible que dende o SERGAS se tome o camiño contrario, recortando persoal e empeorando este servizo que é o máis inmediato e próximo ás veciñas e veciños.

Co paso do verán, o Centro de Saúde de Marín atópase nunha situación límite coa falta, por baixa ou vacacións, de case a metade do seu persoal médico, sendo a solución do SERGAS, o aumento de xornada laboral dos profesionais e o seu sobre esforzo.

CSM-REXISTRO-splNW7b12d-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 25/08/2023 13:15:06

Nº Rexistro: 58245

Data envío: 25/08/2023 13:15:06.202

Esta política de deterioro da sanidade pública está a provocar unha situación de colapso na atención primaria e as urxencias e a obrigar aos pacientes a acudir á sanidade privada para resolveren os seus problemas. O SERGAS é coñecedor da problemática do Centro de Saúde de Marín e sabe que a situación de precariedade no servizo do Centro de Saúde de Seixo traerá aínda máis problemas que afectarán á atención sanitaria pública de todas as veciñas e veciños.

Actualmente, o Centro de Saúde de Seixo atópase baixo mínimos, nun continuo proceso de desmantelamento, onde actualmente se prolongou a temporalidade dunha traballadora interina mais non se están a poñer enriba da mesa solucións reais para frear a precariedade asistencial nun Centro de Saúde que atende a unha cantidade de poboación considerábel que aumenta en época estival.

Ademais, o desmantelamento do Centro de Saúde contribuirá ao esmorecemento da actividade económica e social en Seixo. Se a atención sanitaria se centraliza en Marín, favorecerase tamén a actividade comercial no casco urbano, o que terá un impacto moi negativo na vida comercial, económica e turística desta zona.

Contando cunha plantilla reducida á metade, dende o BNG entendemos que a calidade asistencial no Concello de Marín reducirase drasticamente, xa que cubrir a demanda sanitaria de máis de 20.000 persoas máis o incremento pola época de verán é inasumible coa metade do persoal en activo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a rematar coa precariedade na atención sanitaria no Concello de Marín, a comezar polas seguintes accións:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2023 13:15:06
Nº Registro: 58245
Data envío: 25/08/2023 13:15:06.202

1. Cubrir de xeito sistemático as prazas non cubertas por vacacións ou baixas do persoal titular.
2. Planificar un reforzo sanitario acorde ao aumento de poboación en época estival.
3. Garantir a cobertura en calidade de praza fixa, a praza existente no Centro de Saúde de Seixo ante a próxima xubilación do facultativo.
4. Demandar da Consellería de Sanidade a posta en marcha dos servizos de psicoloxía clínica con urxencia, tanto no Centro de Saúde de Marín como no de Seixo, así como de fisioterapia e pediatría neste último para atender as necesidades actuais da poboación e axudar a desconxestionar a atención do Centro de Saúde de Marín.”

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSX REGISTRO-splNWT6d66
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2023 13:15:06
Nº Registro: 58245
Data envío: 25/08/2023 13:15:06.202

Olalla Rodil Fernández na data 25/08/2023 13:10:02

Paulo Ríos Santomé na data 25/08/2023 13:10:05

María Montserrat Prado Cores na data 25/08/2023 13:10:13

CSV REGISTRO-splNWT62d6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

